



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/09/2019 14:43:44

SAIDA **10411/19**



Reclamante   
Expediente. Nº **RSCTG 096/2019**

Correo electrónico:

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por , mediante escrito do 4 de xullo de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 19 de setembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

**Primeiro.** presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 12 de xullo de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de acceso á información ante a Universidade da Coruña sobre a implantación dos seus sistemas da plataforma Office 365 e diferentes tecnoloxías da compañía Microsoft.

O reclamante indicaba que a solicitude de acceso a información pública a través da sede electrónica ten como campo obrigatorio expor a motivación da solicitude de acceso á información, o cal segundo a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e o bo goberno, non pode ser obrigatorio.

A resolución do 03/07/2019 pola que se inadmite a solicitude, expón no segundo punto dos antecedentes que se solicita "un estudio comparativo da UDC da implantación das tecnoloxías ofimáticas na nube, cando o que realmente se solicita é unha decena de elementos, polo que é obvio que esta resolución ten un erro.

O escrito viña acompañado de copia da reclamación presentada e do DNI do interesado.

**Segundo.** Con data 12 de agosto de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Universidade da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 19 de agosto de 2019.

**Terceiro.** Con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 12 de xullo de 2019, o interesado remite un escrito no que comunica que a Universidade da Coruña emendou o erro cometido na resolución de inadmisión, da que remite copia. Na nova resolución remitida, a Universidade da Coruña descúlpase pola resolución de inadmisión, dado que non se visualizou no formulario electrónico as preguntas formuladas na solicitude inicial, dando resposta á información solicitada respecto da plataforma Office365 e diferentes tecnoloxías da Compañía Microsoft implantadas na Universidade da Coruña.

**Cuarto.** Con data 6 de setembro de 2019 a Universidade da Coruña contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que con data do 3 de xullo de 2019 remítuselle a [REDACTED] unha resolución de inadmisión a trámite da súa solicitude por mor dun erro na visualización do formulario electrónico. O mesmo día 3 de xullo, logo de recibir por correo electrónico a resolución inicial de inadmisión o interesado remite unha segunda solicitude de información na que reitera a súa petición inicial de datos referidos a plataforma Office 365 e solicita a revisión da resolución inicial para que realmente sexan estudados os dez elementos de información solicitada, que non foron visualizados. O día 11 de xullo de 2019 remitiuse ao interesado resposta á súa segunda solicitude na que a Universidade, ademais de desculparse polo erro inicial dálle cumprida resposta a todas as preguntas formuladas.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta na copia remitida polo interesado, a resolución notificóuselle con data do 3 de Xullo de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 4 de Xullo de 2019, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A Universidade da Coruña resolveu inicialmente a inadmisión da solicitude de acceso á información pública presentada polo interesado, ao entender erroneamente que a solicitude de información tiña como contido a petición da realización dun estudo comparativo sobre a implantación das tecnoloxías informáticas na nube. O interesado remitiu un escrito aclarando esta incorrecta interpretación, polo que a Universidade da Coruña, previa petición de desculpas polo erro cometido, remite a información solicitada ao interesado. En base ao anterior, procede a estimación da reclamación por motivos formais.

Como manifesta o interesado na súa reclamación e posteriormente no escrito no que remite información complementaria, e como puido comprobarse pola Secretaría desta Comisión, o formulario electrónico de solicitude de acceso á información pública da Universidade da Coruña establece como campo obrigatorio, a motivación da solicitude. De acordo co disposto

no artigo 17.3 da Lei 19/2013, a persoa solicitante de información pública, non esta obrigada a motivar a súa solicitude.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data 4 de xullo de 2019, contra a inadmisión da súa solicitude de acceso á información ante a Universidade da Coruña sobre a implantación dos seus sistemas da plataforma Office 365 e diferentes tecnoloxías da compañía Microsoft.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019



María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**